

IV Aberto “Festa da Istoria” 2019 - Ribadavia

BASES

- 1º O torneo terá lugar na Igrexa da Madalena en Ribadavia, o Sábado 12 de Outubro de 2019 a partir das 5 da tarde
- 2º O Sistema de xogo será o de Suízo a 6 roldas.
- 3º O Árbitro Principal será un xuíz árbitro titulado pola FEGAXA ou FEDA e con licenza arbitral en vigor.
- 4º O Ritmo de xogo será de 10 min. + 3 seg./xogada.
- 5º A 1ª xogada ilegal significará advertencia e a 2ª perda de partida.
- 6º A orde de forza inicial virá determinada polo ELO FIDE (Standard) dos participantes.
(En caso de que un xogador non teña ELO FIDE e dispoña de ELO oficial de rápidas, aplicarase este último)
- 7º A tolerancia por retraso será dun máximo de 15 minutos sobre o horario previsto para a primeira rolda, en calquera rolda posterior será de 5 minutos unha vez o árbitro indique o inicio da rolda.
- 8º Non estará permitido o emprego de aparellos electrónicos na sala de xogo, (teléfonos, reproductores, etc...), a súa utilización suporá a perda da partida. (Calquera son relativo á recepción de chamadas, Whatsapp ou sms implicará a perda da partida)
- 9º A orde de desempates a aplicar será a seguinte: **Buch. Brasileño (-1) / Nº de victorias / Progresivo**
- 10º Os participantes terán información do torneo, imaxes, clasificacións, etc nas webs www.xadrezourense.com e www.festadaistoria.com
- 11º Serán Xuveniles (S-18) os nados en 2001, 2002, 2003 e 2004, Infantís os nados en 2005 e seguintes.
- 12º A entrega de premios terá lugar unha vez rematada a competición.
- 13º Organización: Coordinadora Festa da Istoria Dirección Técnica: Club Xadrez Ourense
- 14º Exixírase aos participantes unha adecuada conducta na sala de xogo durante toda a competición, o máximo respecto polo adversario, polos equipos arbitral, directivo e organizativo, e, en xeral , polo noble deporte do xadrez. As reclamacións deberán realizarse detendo o reloxo e solicitando discretamente a presenza do árbitro sin elevar o tono de voz e sin xestualizacións estridentes. Unha actitude contraria ó descrito acarreaerá a sanción da perda de partida e si o árbitro así o determina, a eliminación do torneo do infractor.
- 15º As inscricións formalizaranse ata o Venres día 11 (ata ás 15.00 horas), no email traxerxadrez@hotmail.com. (Non se permitirán inscricións fóra de prazo, salvo causa de forza maior e a debida xustificación.)
- 16º A participación no torneo implica a aceptación íntegra destas bases. (A organización resérvase a ampliación ou lixeira modificación das mesmas)

PREMIOS

- 5 primeiros clasificados categoría Sénior (Trofeos + premios especiais*)
5 primeiros clasificados categoría Xuvenil (Trofeos + premios especiais*)
5 primeiros clasificados categoría Infantil (Trofeos + premios especiais*)

*** *Obsequios conmemorativos para todos os participantes*

* Premios especiais:

- *** Estancias para 2 persoas en casas rurais da comarca do Ribeiro
*** Circuitos termais e tratamentos en Balnearios.
*** Vales de ceas / xantares para 2 persoas en restaurantes do Ribeiro
*** Estuches especiais de Adegas do D.O. Ribeiro
*** Agasallos de establecementos comerciais da Comarca do Ribeiro